



MEMORIA DE ACTIVIDADES

OFICINA DE
COOPERACIÓN E
VOLUNTARIADO

UNIVERSIDADE DA
CORUÑA

2017



Oficina de Cooperación e Voluntariado

Vicerreitoría de Internacionalización e Coope-
ración

A Coruña

Facultade de Socioloxía, 1.º andar
Campus de Elviña, 15071 A Coruña

Tel. 981 167 000

www.udc.gal/ocv

Director

José Jesús Cendán Verdes

Extensión: 1334

jesus.cendan.verdes@udc.gal

Persoal técnico

Lorena Rilo Pérez

Extensión: 1752

ocv@udc.es

Ferrol

Centro Cultural Universitario, 1.º andar
Campus de Esteiro, 15403 Ferrol

Tel. 981 167 000

www.udc.gal/ocv

Persoal técnico

Vanessa Míguez Martín

Extensión: 3677

ocvfer@udc.gal

*Documento redactado por Lorena Rilo Pérez e
Vanessa Míguez Martín.*

Maquetada por Irene Rodríguez Rodríguez

01 INTRODUCCIÓN

02 COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

- 06. Proxectos de coñecemento da cooperación ao desenvolvemento (PCC)*
- 09. Proxectos de coñecemento da realidade (PCR)*
- 16. Proxectos de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social (EPD)*
- 20. Actividades coas ONG de desenvolvemento*

03 VOLUNTARIADO

- 22. Menores*
- 23. Exclusión social*
- 24. Inmigración*
- 25. Ámbito sociosanitario*
- 26. Diversidade funcional*
- 27. Educación para o desenvolvemento*
- 28. Actividades con outras entidades de acción social*
- 29. Colaboracións con outras administracións*
- 29. Colaboracións no seo da Universidade da Coruña*

04 APRENDIZAXE E SERVIZO

05 FORMACIÓN

- 36. Participación en redes*
- 37. Sinerxías con outras universidades*
- 38. Comunicación*

06 REDE GALEGA DE COOPERACIÓN UNIVERSITARIA AO DESENVOLVEMENTO

1

Introdución

A Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) é un servizo universitario que canaliza as demandas de participación e solidariedade na busca do ben común local e global por parte da comunidade universitaria, alén da cidadanía, na área de influencia da UDC. Con este fin potencia, xestiona e coordina os activos e recursos solidarios da UDC, así como tamén ofrece espazos de participación, experiencias de solidariedade e actividades de compromiso social que complementan a misión da UDC como entidade de educación superior, centrada na formación integral da persoa e na construción dunha cidadanía local e global activa e crítica, ao servizo dos valores e principios democráticos e do desenvolvemento humano sustentable.

Depende da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación, e conta con dúas oficinas situadas respectivamente nos campus de Elviña (A Coruña) e Esteiro (Ferrol).

En relación cos recursos humanos de que dispón, arestora son os seguintes: unha técnica especialista funcionaria na oficina de Coruña e outra interina na de Ferrol, ademais do director do servizo. Estes complementáronse coa chegada de varias bolseiras para ambas as oficinas.

Hai que salientar, así mesmo, que a principios de ano, presentouse o novo Plan estratéxico da OCV, que terá vixencia no cuadrenio 2017-2020.

2

Cooperación ao desenvolvemento

Enténdese a cooperación ao desenvolvemento da universidade como un conxunto de actividades realizadas pola comunidade universitaria orientadas á transformación social nos países máis pobres, a prol da paz, a igualdade, o desenvolvemento humano e a sustentabilidade ambiental no mundo, transformación en que o fortalecemento institucional e académico teñen un papel importante.

Código de conduta das universidades en cooperación ao desenvolvemento, 2005

A OCV seguiu a incrementar e potenciar o seu traballo en materia de sensibilización, formación en cooperación e educación para o desenvolvemento durante o ano 2017, así como o traballo específico co PDI da UDC para tratar de implementar e fortalecer unha docencia e unha práctica destinadas á formación en solidariedade do seu alumnado. Cabe salientar a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e as tres universidades galegas, a da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o proxecto de fortalecemento da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD) no mes de setembro, e do que se falará no punto 6 desta memoria.


Publicamos novas convocatorias de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social, cunha grande aceptación, en especial por parte PDI da universidade, amais de novas edicións das convocatorias de proxectos para o coñecemento da realidade (PCR) para estudantes e de coñecemento da cooperación para o desenvolvemento (PCC) para o PDI e o PAS.

A OCV continúa a desenvolver ata mediados do mes de marzo de 2018, o proxecto de cooperación universitaria ao desenvolvemento (CUD) presentado á Convocatoria de Proxectos de Innovación en Cooperación ao Desenvolvemento da Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento (AECID), denominado resumidamente Kaya Clínica ('a clínica das casas' en lingua xangana), que no presente ano recibiu tres alumnas PCR e dous PCC, para continuar cos traballos en terreo.

Por último, cómpre salientar que no mes de maio en Ferrol, no EXPONAV, tivo lugar a Xornada sobre Cooperación ao Desenvolvemento: Cultura e Acción, organizada en colaboración coa Cátedra Jorge Juan, cun enorme éxito de asistencia.

Proxectos de coñecemento da cooperación ao desenvolvemento (PCC)

No ano 2017 publicouse a VI Convocatoria de proxectos de coñecemento da cooperación ao desenvolvemento (PCC) para PDI e PAS da UDC, con que se pretendeu achegar este tipo de proxectos ao persoal da universidade e buscar a súa implicación. Esta convocatoria estivo dotada con 7.000 €, e nela participaron catro persoas. A continuación, presentamos algúns detalles acerca das localizacións, as persoas participantes e os proxectos.



Preme aquí para ver o mapa

HONDURAS

**Bibiana Regueiro
Fernández**

PDI do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e
da Educación.

Viaxou a Honduras coa Asociación “Colaboración y Esfuerzo”(ACOES, Galicia con Honduras) para realizar un proxecto que ofrece a nenos e nenas que proveñen das distintas comunidades rurais do país a oportunidade de recibiren unha educación digna, provéndoo/as de todos os recursos necesarios para que entren nos colexios das cidades próximas as súas comunidades. Neste proxecto, Populorum Progressio, propónse a implementación dun programa educativo motivacional que ten por obxectivo achegar estratexias metodolóxicas que permitan desenvolver a motivación dos nenos/as ao asumiren o seu proceso educativo.

Viaxou a Mozambique coa Universidade Eduardo Mondlane (UEM) para realizar un proxecto denominado “Kaya Clínica”. No dito proxecto preténdese a mellora das capacidades docentes das facultades de Arquitectura e Enxeñaría da UEM a través dunha acción de aprendizaxe e servizo, levando a acción da academia aos barrios de infravivenda da capital do país.

MOZAMBIQUE

Santiago López Piñeiro

Profesor de escola universitaria.
Doutor do Departamento de Construcións
Arquitectónicas.

MOZAMBIQUE

Plácido Lizancos Mora

Profesor titular do Departamento de Represen-
tación e Teoría Arquitectónica
Director do proxecto Kaya Clínica

Viaxou a Mozambique cun proxecto de acción de aprendizaxe e servizo financiado pola AECID, fortalecendo as relacións institucionais entre a UDC e a UEM (Maputo). Con este proxecto preténdese a mellora das capacidades docentes das facultades de Arquitectura e Enxeñaría da UEM a través dunha acción de aprendizaxe e servizo, levando a acción da Academia aos barrios de infravivenda da capital do país

INDIA

**José María Mesías
Lema**

Profesor axudante doutor do Departamento de
Composición.

Viaxou á India coa Fundación Vicente Ferrer para realizar un proxecto de cooperación denominado “Educación artística e o desenvolvemento humano”, consistente en fortalecer a educación astístico-cultural para o desenvolvemento integral dos nenos/as de Anantapur que é unha das áreas máis desfavorecidas da India.

Proxectos de coñecemento da realidade (PCR)


Os proxectos de coñecemento da realidade (PCR) son unha iniciativa que ofrece ao alumnado da UDC que colabora con ONGD a posibilidade de se desprazar a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estadía de cooperación dun a tres meses.

O traballo que se desenvolve pode ser validado por proxectos de fin de carreira, por prácticas de materias ou por traballos obrigatorios de fin de carreira.

Alén disto, participar nun PCR constitúese como unha importante ferramenta de sensibilización sobre a temática, tanto para o propio alumnado beneficiario como para a sociedade en xeral, xa

que tras o regreso, o alumnado comprométese a realizar charlas co fin de dar a coñecer o aprendido na experiencia.

No ano 2017 presentouse na UDC a XI Convocatoria de proxectos de coñecemento da realidade en programas de cooperación para o desenvolvemento, dotada con 22.000 € destinados a financiar os gastos do desprazamento ao país de destino e o seguro da viaxe, así como os de xestión e coordinación da dita actuación (protocolo, difusión etc.). Este ano seleccionáronse catorce proxectos, que presentamos a continuación xunto con algúns detalles acerca das localizacións e as persoas participantes.



Preme aquí para ver o mapa

MOZAMBIQUE

Noemí Amigo Calo

Estudiante de Arquitectura
Universidade Eduardo Mondlane

Participou no proxecto Kaya Clínica, de aprendizaxe-servizo para o alumnado, onde se recoñece a capacidade de acción das persoas residentes do barrio de intervención, á hora de construíren o seu propio hábitat, ofertándolle asistencia técnica da que non dispoñen.

Vixou a ao país para desenvolver o proxecto “A arte de sorrir”, no cal se emprega a arte como ferramenta principal para fomentar a cooperación, a creatividade, o traballo en equipo, o respecto, a expresión de sentimentos e o traballo en valores cos menores que forman parte da Casa de Acolida e da Escola Infantil Hetauda. No que compete á metodoloxía do proxecto, cabe destacar que se caracteriza por ser participativa e baseada na coeducación.

NEPAL

Eva Paola Bermúdez Porras

Estudiante de Educación Social
ONG NepaL Sonríe e Camiña Nepal

ECUADOR

Lorena Boga García

Estudiante do Mestrado en Políticas Sociais e
Intervención Socio-comunitaria.

ONG Ayuda en Acción

Viaxou para participar nun proxecto que busca acadar un fortalecemento institucional das organizacións comunitarias (partindo do respecto á diversidade cultural, a democracia participativa, os dereitos colectivos e a equidade de xénero) para mellorar o benestar das familias.

Viaxou para participar nun proxecto que pretende mellorar as condicións de acceso a un hábitat domiciliar saudable da poboación máis vulnerable (con énfase nas mulleres viúvas ou solteiras), a través dun proceso colaborativo entre comunidades, autoridades municipais, organizacións sociais e cooperativas. Ao longo deste proxecto tamén se estivo a traballar nunha segunda liña que persegue a mellora da calidade educativa con pertinencia cultural e de xénero na formación da infancia e xuventude mediante a creación das condicións axeitadas para que o alumnado poida desempeñar do mellor xeito posible o seu traballo escolar.

GUATEMALA

Rebeca Cuevas González

Estudiante de Arquitectura
ONGD Arquitectura sen Fronteiras

BOLIVIA

Carmen Estévez Fraga

Estudiante do grao en ADE e o grao de Dereito
ONGD Ayuda en Acción

Viaxou para participar nun proxecto que está centrado no desenvolvemento dos procesos de transformación e comercialización da cana de azucre, do anís e da *frutilla* na localidade de Caballero.

Viaxou ao país americano para traballar nunha proposta construtiva biosostible que dea resposta ás necesidades presentes en Quibdó. Este proxecto persegue a construción dunha escola biosostible á cal teñan acceso os nenos e nenas das familias máis desfavorecidas.

COLOMBIA

Daniel A. Franco García

Estudiante do grao en Arquitectura Técnica
ONG Chocó Joven

NICARAGUA

Araceli Macías García

Estudiante do Mestrado en Política Social e
Intervención Sociocomunitaria.

ONGD Sólida

Viaxou a Nicaragua para realizar formación dirixida á mocidade e mulleres sobre a prevención da violencia, novas masculinidades e autoxestión do poder individual e colectivo, así como a creación de accións creativas de educación e sensibilización sobre a igualdade de xénero. Neste proxecto, de nome “Construíndo novas identidades de xénero”, tamén se prestou especial atención á organización e facilitación de sesións de acompañamento e á realización da diagnose comunitaria e formulación de propostas de plans de acción.

Viaxou ao país caribeño para traballar nun proxecto que contribuirá á dinamización e ao empoderamento das redes locais a través da diagnose participativa sobre a realidade das mulleres en Cienfuegos.

CUBA

Josefina Muñoz Abad

Estudiante do Mestrado en Política Social e
Intervención Sociocomunitaria.

ONG Mugarik

MOZAMBIQUE

Rebeca Nuevo Mayán

Estudiante de Arquitectura
Universidade Eduardo Mondlane

Viaxou a Mozambique para participar no proxecto Kaya Clínica. O labor de asistencia que prestou no proxecto de aprendizaxe-servizo, foi en colaboración co profesorado e estudantes da Univesidade da Coruña e da súa contraparte alá, a Universidade Eduardo Mondlane.

Viaxou para participar nun proxecto que pretende mellorar as condicións de acceso a un hábitat domiciliario saudable da poboación máis vulnerable (con énfase nas mulleres viúvas ou solteiras), a través dun proceso colaborativo entre comunidades, autoridades municipais, organizacións sociais e cooperativas. Ao longo deste proxecto tamén se está a traballar nunha segunda liña que persegue a mellora da calidade educativa con pertinencia cultural e de xénero na formación da infancia e xuventude mediante a creación das condicións axeitadas para que o alumnado poida desempeñar do mellor xeito posible o seu traballo escolar.

NICARAGUA

Elisangela Silfa Santa

Estudiante do Programa de Doutoramento en
Equidade e Innovación en Educación

ONG Solidariedade Internacional

Viaxou ao país centroamericano para traballar nunha actividade enmarcada dentro do proxecto de cooperación internacional “Construíndo novas identidades de xénero dende o enfoque de medios sostibles para mozos e mulleres superviventes de diferentes tipos de violencia e en condicións de posguerra e pobreza, en seis municipios de Nueva Segovia”

Participou no proxecto Kaya Clínica. O seu labor, en colaboración co estudiantado e profesorado das universidades coruñesa e mozambicana, rexeuse de acordo cos principios pedagóxicos da aprendizaxe-servizo.

GUATEMALA

Elena Pena Basanta

Estudiante de Arquitectura
ONG Arquitectura sen Fronteiras

MOZAMBIQUE

Sonia Rodríguez Beltrán

Estudiante do Mestrado de Rehabilitacións Arquitectónicas

Universidade Eduardo Mondlane

HONDURAS

Verónica Torrijos Pérez

Estudiante do Programa Oficial de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental

ONG Enxeñería sen Fronteiras

Viaxou a Honduras para participar nun proxecto que ten por obxecto fortalecer as capacidades locais e a participación comunitaria para mellorar o acceso ao dereito á auga e ao saneamento a través da xestión integrada do recurso hídrico, nos sete municipios da mancomunidade NASMAR naquel país.

Viaxou para traballar na promoción da oferta turística “del laberinto del Ángel”. Este proxecto oríentase ao fortalecemento dos eixes referentes ás dinamizacións das economías locais e a conservación ambiental mediante a implementación progresiva das actividades vinculadas ao turismo comunitario, a produción artesanal e a produción orgánica de alimentos.

ECUADOR

Olalla Zúñiga Mesa

Estudiante do grao de ADE

ONG Ayuda en Acción

ONG Arquitectura sen Fronteiras

Experiencias

Entrevista a Sonia Rodríguez Beltrán, usuaria do programa de PCR da OCV

En que proxecto participaches en 2016?

No proxecto de Kaya Clínica en Mozambique, un proxecto de cooperación universitaria entre a UDC e a Universidade Eduardo Mondlane.

Como te sentiches a primeira vez que chegaches ao país de destino?

A chegada foi pola noite, a acollida no aloxamento da AECID foi moi boa e o día seguinte puidemos aproveitar para coñecer a cidade e facer os trámites necesarios. A parte da cidade onde nos movemos nos primeiros días era accesible a pé sen ningún tipo de problema.

Como foi a acollida por parte da contraparte local?

Moi boa, na universidade todo o mundo intentou integrarnos e fixo o posible para que non tivéssemos problemas.

Recomendarías a experiencia? Por que?

Por suposto, é unha oportunidade única para coñecer outra cultura en lugares que doutro xeito sería moi difícil visitar, a par que o feito de estar axudando nun proxecto nos deu a oportunidade de aprender do día a día dos traballos dos cooperantes e sentir que estás a formar parte de algo que supón un cambio positivo na vida dalguén. Entrar en contacto coas persoas beneficiarias da axuda é un punto e á parte a hora de entender o enfoque da cooperación dende os países do Norte global, cando menos na miña opinión.

Que che proporcionou esta estadía no persoal, profesional e vital?

O principal foi a confirmación de que realmente quero participar activamente en proxectos de cooperación. Desde o comezo, a miña idea foi aprender de todo o relacionado co mundo da cooperación, puiden visitar proxectos moi diversos grazas á amabilidade das diferentes organizacións que traballan alí, falar con expatriados, etc... Ao mesmo tempo, como xa comentei, o feito de falar e coñecer de primeira man a xente que está a ser beneficiaria das accións, ver o seu día a día e recadar a súa opinión pon cara e feitos a cousas dos que nos sentimos afastado e non podemos chegar a percibir ben.

A nivel profesional podo dicir que son unha afortunada por ter recibido unha oferta de estadía como expatriada no proxecto que fun a visitar, e de entrar a formar parte do equipo que agora está a formular máis proxectos para continuar a cooperación entre UDC e UEM.

Cales foron as túas motivacións para presentarte a esta convocatoria de 2017?

O mundo da cooperación sempre chamou a miña atención como unha saída laboral que solucionase as miñas inquietudes. Non puiden ter unha oportunidade mellor de envolverme de cheo nun proxecto de non ser por esta bolsa. Cando souben da convocatoria non tiven ningunha dúbida, nin do proxecto co que quería colaborar.

Proxectos de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social (EpD)

A Convocatoria de axudas de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social viu en 2017 a súa cuarta edición, na que se ampliou enormemente a participación con respecto das edicións anteriores. Así, un total de 12 proxectos foron beneficiados nesta edición, que estivo dotada con 7.000 €. A convocatoria ten por obxectivo apoiar actividades desenvolvidas pola comunidade universitaria cuxo fin sexa darlles pulo na universidade aos valores da solidariedade; sensibilizar a sociedade sobre as causas da pobreza e as desigualdades norte-sur, norte-norte; fomentar o desenvolvemento humano sostible e a xustiza social; e favorecer aquelas iniciativas que promovan a participación social da comunidade universitaria na UDC.

Dentro desta convocatoria financiáronse os oito proxectos que recolleemos neste documento.

Raquel Martínez Buján

Profesora contratada doutora.

Organizou o ciclo de conferencias “Refugees Welcome: A crise dos dereitos humanos na Europa neoliberal”, que tivo lugar no mes de abril na Facultade de Socioloxía. Tratouse dun ciclo de conferencias que pretendían dar énfase e analizar este fenómeno poliédrico, a través da voz de profesionais que diariamente levan a cabo accións no eido local, político, institucional, académico e social. As conferencias estiveron abertas tanto ao público en xeral como á comunidade universitaria e ás entidades locais.

Verónica Robles García

Profesora axudante doutora

Levou a cabo un proxecto sobre as mulleres coidadoras en países en vías de desenvolvemento na Facultade de Fisioterapia, de 14 días de duración. Tratouse dunha xornada aberta tanto ao público en xeral como ao conxunto da comunidade universitaria, en especial ao estudantado e profesorado da mencionada facultade. Este proxecto, contou coa exposición fotográfica “As mulleres coidadoras en países en vías de desenvolvemento. Experiencia en Nicaragua” e mais un *role-playing* sobre o “Manexo do bebé nas diferentes culturas”.

Renee Depalma Úngaro

Profesora contratada doutora

Participou xunto coa ONGD Solidariedade Galicia e o Centro Público Integrado Virxe da Cela na publicación dun libro divulgativo sobre os resultados dun proxecto de investigación acción participativa (IAP). O proxecto é o derradeiro dunha serie de catro proxectos subvencionados pola Xunta de Galicia baixo o Plan Director Galego de Cooperación 2014-2017.

Os beneficiarios directos foron o profesorado e o alumnado do CPI Virxe da Cela; e por medio da publicación deste libro, “*Investigando la dimensión global de*

la Educación para el Desarrollo)”, ampliouse o número de persoas beneficiarias indirectas.

Cathryn Teasley Severino

Profesora axudante doutora

Puxo en marcha o ciclo de conferencias “Cara a un desenvolvemento xusto de políticas e servizos sociais, educativos e investigadores ante a diversidade socio-cultural das sociedades contemporáneas”, que tiña o obxectivo de analizar diferentes procesos de desenvolvemento e promoción socio-cultural, formar axentes de intervención socio-educativa e comunitaria e detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos diversos.

Estas conferencias estiveron abertas tanto ao público en xeral como ao conxunto da comunidade universitaria, en especial o alumnado e profesorado das Facultades de Ciencias da Educación e de Socioloxía da Universidade da Coruña.

Adrián Eirís Torres

Estudante da Universidade da Coruña

En colaboración co responsable da actividade Francisco Alberto Varela García, realizou un obradoiro formativo para dar a coñecer o concepto de cartografía participativa e como facer sistemas que permitan tomar fotografías aéreas dunha zona local de interese para a súa visualización e estudo ou posterior realización de cartografía. Este obradoiro, baixo o título “Cartografía participativa baseada en globos ou cometas”, perseguía o obxectivo de empoderar a cidadanía a través do coñecemento e expresión propia do seu territorio e a súa realidade.

Thais Pousada García

Profesora contratada doutora

Realizou un proxecto xunto coa ONG Mestura que, por unha banda, se compuxo dunha xornada de sensibilización nas comunidades educativas sobre a realidade das migracións forzosas e, pola outra, da creación e difusión dunha guía de recursos didácticos froito das propostas elaboradas polos estudantes universitarios participantes e os materiais propios da ONG Mestura. O obxectivo xeral deste proxecto é contribuír á mellora da convivencia intercultural favorecendo procesos de respecto pola diferenza e promovendo actitudes de empatía no ámbito da inmigración nos contextos escolares.

Enrique Blanco Lorenzo

Profesor contratado doutor do Departamento de Composición

Organizou un proxecto baixo o lema “Graneros de memoria” na Fundación Luis Seoane, que estivo aberto a toda a comunidade universitaria e público en xeral. O dito proxecto, tiña como obxectivo poñer en coñecemento da poboación en xeral, e da comunidade universitaria en particular, a situación de máis de 65 millóns de persoas refuxiadas desprazadas por conflitos no mundo e de millóns de persoas desprazadas dentro dos seus países por conflito ou desastres naturais.

Antón Xosé González Artiaga

Xefe do Servizo de Xestión Financeira

Xunto coa ONGD Solidaridade Galega, levou a cabo un proxecto que consistiu na edición e publicación do informe de investigación elaborado con base nas campañas de recollida de datos sobre o terreo, realizadas en 2009 e 2010 en Bilwi- Puerto Cabezas. Coa edición e publicación do informe, preténdese dar a coñecer a grave situación dos traballadores que desenvolven labores de pesca por inmersión na zona noroeste de Nicaragua. Posteriormente, realizouse unha conferencia nas instalacións da UDC e en Manuaga para a presentación do informe.

Emma López Bahut

Profesora contratada interina de substitución

Colaborou na realización do obradoiro “Urbanismo rural na franxa de Gaza” cuxo principal obxectivo é a formación e sensibilización da comunidade universitaria no ámbito dos dereitos humanos e a xustiza social, así como establecer redes internacionais de difusión e interconexión de investigación relacionada coa temática. Os beneficiarios deste proxecto foron entre 20 e 40 alumnos/as da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña.

Santiago Hernández Ibáñez

Catedrático da UDC

Levou a cabo un proxecto na Universidade da Coruña no cal tivo lugar unha conferencia e outras actividades guiadas pola xornalista Olga Rodríguez. Un dos obxectivos principais destas xornadas foi a concienciación sobre o problema de millóns de persoas refuxiadas que acoden a Europa e malviven en situacións de precariedade. As persoas beneficiarias finais foron tanto o estudantado, como o

persoal de administración e servizos e profesorado da Universidade da Coruña.

Rubén Fernandez Prado

Profesor colaborador a tempo completo da UDC

Colaborou coa Escola Shantidi que opera en India, na posta en marcha dunhas Xornadas de Voluntariado e concienciación social nas que se fixo especial incidencia na cooperación internacional. Un dos obxectivos principais deste proxecto foi dar a coñecer a realidade social do país de maior marxinalidade social, así como as actividades que se están a realizar nel por parte desta ONG e outras entidades a nivel internacional. As persoas beneficiarias do proxecto, foron o alumnado, empregados e profesorado da UDC e as persoas voluntarias e colaboradoras da ONG Escuela Shantidi.

Actividades coas ONG de desenvolvemento

Unha das prioridades da Área de Cooperación ao Desenvolvemento da OCV é a de colaborar coas distintas ONGD tanto da provincia da Coruña como de Galicia en xeral, amais de con outros axentes da cooperación galega, na busca de sinerxías que permitan unha cooperación máis efectiva e de calidade. Esta colaboración atinxe a realización de actividades conxuntas; labores de sensibilización e de educación para o desenvolvemento a través da organización de xornadas, charlas, obradoiros,

seminarios e exposicións; e a difusión das diferentes actividades que desenvolven estas organizacións a través das nosas redes e contactos.

Este interese da OCV polo traballo conxunto coas ONGD amplíase coas colaboracións con outras entidades e organismos de acción social, o que se verá reflectido na información que presentamos a continuación.

ONGD Viraventos

No ano 2017 a OCV contou coa dita entidade para o Encontro de Voluntariado que tivo lugar no mes de novembro en Santa Cruz, no que a ONG foi a encargada do catering multicultural para alimentar as persoas participantes. Tamén se colaborou con ela para facer un pequeno agasallo ás persoas participantes na mesa redonda das xornadas sobre persoas sen teito.

Solidariedade Internacional Galicia

A dita ONG foi convidada a participar na II Edición do Curso de Especialización de Posgrao de Cooperación e Educación ao Desenvolvemento cunha palestra na que dar a coñecer o seu traballo en materia de investigación en cooperación ao desenvolvemento e EpD.

Desde a OCV participamos n o II Congreso de Educación para o Desenvolvemento q ue esta O NG organizou en colaboración co profesorado de CC da Educación.

Contouse con esta entidade para facer o catering de produtos de comercio xusto en varios eventos, caso dunhas xornadas sobre persoas sen fogar.

Coordinadora Galega de ONGD

No ano 2017 continuaron os labores de difusión e intercambio de información entre as dúas entidades.

Amnistía Internacional

Ao longo do ano 2017 colaborouse coa ONGD Amnistía Internacional na difusión do seu labor a través de senllas exposicións sobre Mulleres e Dereitos Humanos e Dereitos da Infancia que estiveron expostas na Facultade de Socioloxía, no campus da Coruña, e no Centro Cultural Universitario de Ferrol.

ONGD Arquitectura sen Fronteiras Galicia

Esta ONG foi invitada a participar na II Edición do Curso de Especialización de Posgrao de Cooperación e Educación ao Desenvolvemento cun relatorio na que dar a coñecer o seu traballo de cooperación en Guatemala e no eido local coruñés.

3

Voluntariado

Acción voluntaria realizada por persoas físicas como resultado da súa participación social organizada no desenvolvemento de actividades de interese xeral a través de entidades de acción voluntaria, sempre que se trate dunha decisión libremente adoptada e non traia causa dunha obriga ou dun deber xurídico; que se execute fóra do ámbito laboral, profesional, funcional ou mercantil ou de calquera outro tipo de relación retribuída; que a acción voluntaria se leve a cabo sen contraprestación económica, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos que esta acción poida ocasionar ou dos recoñecementos que correspondan; que se leve a efecto en función de programas concretos, que sexan promovidos por calquera das entidades de acción voluntaria ou polas administracións públicas de Galicia.

Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia

Os diferentes programas de voluntariado da OCV, ben sexan puntuais ben sexan continuos no tempo, comezan sempre cun proceso de estudo que se pon en marcha cando calquera ONG, asociación ou administración pública establece contacto connosco. Posteriormente, analízase a pertinencia e a sustentabilidade do proxecto, e en función destas variables e do número de persoas voluntarias dispoñibles ou interesadas, decídese o seu desenvolvemento.

A nosas propostas de actuación voluntaria abarcan moitos ámbitos, na busca de favorecer a elección das persoas á hora de decantarse por un ou outro labor no eido do voluntariado.

Cabe salientarmos deste 2017, a posta en marcha de dúas novas iniciativas propias en Ferrol, especialmente enfocadas ás persoas migradas, en concreto abríronse dúas novas aulas, unha para a ensinanza de español a persoas adultas, e outra para preparación do exame para obter a nacionalidade.

Outro feito que cabe salientarmos foi, que tras varios anos sen celebrarse, no ano 2017 tivo lugar un encontro de voluntariado, no que persoas da Coruña e Ferrol se atoparon no Pazo de Lóngora en Santa Cruz, nunha xornada que foi dinamizada polo grupo “La Caracola Iniciativas Sociais”

Menores

Centro de Acolida de Menores de Bañobre. Programa de voluntariado “E agora que?”

O obxectivo deste proxecto de voluntariado foi buscar o tratamento individual e igualitario de cada un dos trinta e cinco menores que viven no centro de acolida a través de actividades lúdicas. Neste ano 2017; realizáronse todas as actividades de ocio programadas. Agora o centro conta cunha educadora en fin de semana que colabora tamén nas saídas.

Este proxecto xorde en 2012 para dar resposta a unha necesidade detectada polos voluntarios e as voluntarias participantes no programa anterior: a integración sociolaboral das persoas que viven no Centro de Acolida de Menores de Bañobre, que unha vez chegan á adolescencia teñen que comezar a desenvolver unhas expectativas de emancipación persoal.

As persoas voluntarias levan a cabo un programa de seguimento e de orientación que busca ser unha “fase ponte” de cara á saída do centro dos e das adolescentes, onde os plans de acceso á vivenda, a orientación laboral, a continuidade da formación académica etc. tratan de ser as ferramentas esenciais de empoderamento que precisan nese proceso de emancipación. En 2017 fíxose o acompañamento de sete menores; e iniciáronse os contactos para poñer en marcha tamén este programa en colaboración co Centro de Menores Ferrol I.

Barrio das Rañas

As actividades que desenvolve o voluntariado da OCV neste proxecto están orientadas ao apoio na realización das tarefas escolares de nenos e nenas de entre 6 e 16 anos, así como á iniciación dos máis pequenos nunha dinámica escolar e ao ocio educativo.

Unha media de vinte e catro rapaces e rapazas asistiu ás actividades desenvolvidas polas persoas voluntarias da OCV. Un dos obxectivos marcados para este ano foi a continuidade na asistencia dos menores á actividade de apoio escolar, xa que foi moi irregular, o cal suscitou mesmo a posibilidade de pór fin ao proxecto.

Así mesmo, continuáronse facendo as actividades no local de Cáritas Interparroquial e dedicáronse as actividades máis de cara á motivación ao estudo.

Asociación Participa para a Inclusión

Iniciouse un convenio de colaboración no ano 2017 para que o voluntariado da OCV participe nas actividades con menores en exclusión social que se realizan de luns a xoves pola tarde no Museo de Arte Contemporánea (MAC)

Apoio escolar a menores en Ferrol

Neste caso, trátase de darlles o apoio escolar preciso a menores inmigrantes e pertencentes a minorías étnicas, así como a outros rapaces nunha especial situación de vulnerabilidade, para que poidan levar un ritmo de desempeño acorde ao do resto de menores na escola. Un par de horas á mañá dos sábados (de 11.30 a 13.30 h), o grupo de voluntariado ofreceu apoio e acompañamento nas diferentes materias de estudo aos menores, para estes seguiren a bo ritmo o desenvolvemento do curso escolar.

Exclusión social

Fundación Fogar Santa Lucía para mulleres sen fogar

O voluntariado da OCV colabora na actividade da Aula de Cultura desta fundación coas mulleres de menor nivel educativo. Como complemento, organízanse saídas culturais en que participan todas as mulleres que viven no centro. Neste ano tivo lugar unha media de tres saídas por trimestre; e participou unha media de oito mulleres.

Fogar de Sor Eusebia

No Fogar de Sor Eusebia conviven homes sen fogar con algún tipo de problema que lles impide valérense por si mesmos fóra.

O obxectivo da colaboración da OCV é dinamizar a vida dos usuarios e ofrecerlles alternativas de ocio. A meirande parte das actividades realizouse no propio centro, aínda que ao longo do ano 2017 tamén se levaron a cabo saídas culturais e de ocio cos usuarios.

Aula de adultos de Sos Racismo Galicia

Con esta entidade colaborouse principalmente nas clases de español para estranxeiros e na preparación dos exames para obter as competencias clave. Contra finais de ano, un grupo de alumnado de Dereito iniciou tamén a colaboración coa avogada de SOS Racismo.

Centro Penitenciario de Teixeiro

A OCV desenvolve distintas accións no Centro Penitenciario de Teixeiro, entre as cales a máis destacada e con maior traxectoria é a “Aula de Cultura” dos sábados pola mañá. Nela, a través dun videofórum, estímúlase o debate entre as persoas internas. Tras un parón involuntario de varios meses, a finais do mes de novembro retomouse o dito proxecto.

Aulas de español para persoas adultas

Este proxecto xurdiu como ampliación da “Aula Intercultural de Apoio escolar a Menores”, xa que se detectou a necesidade de ofrecerlles a persoas adultas de orixe estranxeira (nalgúns casos a nais dos menores), clases de español para facilitarlles a interacción no día a día e favorecer así a súa inclusión na sociedade.

O voluntariado acode ao campus de Esteiro os luns pola mañá en horario de 11 a 13 h e pola tarde de 16 a 18 h, e aprenden a lingua castelá ás persoas usuarias.

Aulas preparación exame nacionalidade

No mes de decembro púxose en marcha este novo proxecto, no que dous días á semana (luns e mércores de 19 a 21 h), persoas que buscan obter a nacionalidade española reciben formación específica para presentarse aos exames que lles permitan obter os coñecementos constitucionais e socioculturais de España (CCSE).

Albergue de Transeúntes Padre Rubinos

O voluntariado da OCV colabora nas actividades do centro de día que se ofrecen para as persoas usuarias do albergue. Neste ano 2017 colaborouse especificamente con dúas voluntarias no roupeiro e no comedor.

Ámbito sociosanitario

Hospital Materno-Infantil

Teresa Herrera

Este proxecto iniciouse en maio de 2009, na Área de Lactantes do Hospital. En 2017 houbo vinte persoas voluntarias que asistiron asiduamente ao proxecto e á súa formación específica. As actividades foron moi variadas, debido a que as idades dos menores oscilan entre os 0 e os 3 anos: monicreques, globoflexia, contacontos...

Durante este ano mellorouse moito na organización do grupo e na relación directa co persoal de enfermaría.

Houbo tamén un grupo de persoas voluntarias que iniciou a súa colaboración no centro de día do hospital, cunha gran satisfacción por parte do voluntariado e do hospital.

Saúde mental e acompañamento hospitalario

Durante o ano 2017 traballouse para mellorar a coordinación e a incorporación de voluntariado aos proxectos de acompañamento hospitalario a persoas do Servizo de Saúde Mental usuarias do Centro de Día do Hospital Marítimo de Oza.

O proxecto de acompañamento hospitalario a persoas da Área de Rehabilitación do mesmo hospital levouse a cabo por varias persoas voluntarias que acompañaron a persoas en especial situación de soidade.

ALCER Coruña

A OCV iniciou a súa colaboración xunto a ALCER na cidade de Ferrol, no programa “Doar palabras” coas persoas doentes de enfermidade de ril que reciben diálise no Hospital Juan Cardona, situado no barrio de Caranza. Nunha primeira fase, o voluntariado está a traballar na catalogación e actualización do material bibliográfico do que dispón a entidade, tarefa que se leva a cabo na sede de ALCER na Casa Solidaria de Ferrol.

Diversidade funcional

AFAES Portanova

O voluntariado acode á Asociación de Familiares de AFAES Portanova na cidade de Narón, onde participa en diferentes actividades coas persoas usuarias do centro ocupacional (talleres, hortos, etc.), ou ben colaborando nas celebracións e actividades puntuais como o magosto ou carreiras solidarias, como a que tivo lugar no mes de outubro.

Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Física (CAMF)

O labor do voluntariado consiste en acompañar as persoas residentes da residencia ferrolá cando saen ao exterior para faceren calquera tipo de xestión persoal, ou mesmo para gozaren de tempo de lecer.

O voluntariado da OCV acode en distintos horarios durante toda a semana, na procura de abranguer o maior número de demandas de acompañamento que se poida producir. Tamén asiste en materia de alfabetización dixital e manexo de ordenadores, teléfonos intelixentes etc. ás persoas que así o solicitan.

Centro PAI MENNI

Colaborouse co centro Pai Menni de Betanzos nunha actividade de baloncesto coas persoas residentes no centro. Tamén se acudiu a algún dos partidos oficiais da liga para persoas con diversidade funcional.

Educación para o desenvolvemento

Proxecto de sensibilización da comunidade universitaria

O voluntariado que participa neste proxecto deseña materiais de sensibilización, dinámicas e xogos de carácter lúdico para intentar chamar a atención dos seus compañeiros e compañeiras dos campus sobre a importancia de exercer unha cidadanía activa e actuar en defensa dos dereitos humanos e a xustiza social.

No ano 2017 destacou unha vez máis este programa pola enorme cantidade de actividades desenvolvidas nos dous campus da UDC, onde o voluntariado organizou distintas actividades para lles dar visibilidade entre a comunidade universitaria a problemáticas e asuntos de enorme calado social, relacionados coa xustiza social, os dereitos humanos e o medio ambiente (persoas refuxiadas, o dereito a saúde sexual e reprodutiva, migracións e interculturalidade, a violencia de xénero, etc.

Concretamente, estas foron as actividades desenvolvidas:

- Actividades sobre estereotipos e saúde mental (9, 15 e 22 de febreiro nas facultades de Filoloxía e CC da Educación o Centro Cultural Universitario de Ferrol respectivamente).
- Actividades sobre xénero e igualdade (15, 22 e 26 de marzo, nas facultades de Informática e Arquitectura en Coruña, e no Centro Cultural Universitario de Ferrol).
- Actividades sobre a situación das persoas sen fogar (20 de abril no campus de Elviña)
- Actividades sobre o esgotamento dos recursos naturais (7 de novembro e 15 de decembro na Facultades de Economía e Empresa no Centro Cultural Universitario de Ferrol respectivamente).
- Actividades sobre a as violencias machistas (27 de novembro na Facultade de Informática do campus de Elviña).
- Actividade sobre participación activa na comunidade (13 de decembro nas facultades de Informática e Ciencias dos campus coruñeses).

Actividades con outras entidades de acción social

Acampa pola Paz

A mediados de xuño inaugúrase Acampa pola Paz e o dereito ao refuxio, cun acto simbólico de homenaxe ás vítimas desaparecidas no Mediterráneo e no Estreito, tentando conseguir refuxio en Europa. Este evento organizouse conxuntamente coa dita entidade, e tivo lugar entre os días 15 e 18 de xuño na Coruña.

Por parte da OCV, e desde a convocatoria de EpD contribuíuse para traer á conferenciante Olga Rodríguez, que iniciou o ciclo de conferencias de Acampa no Paraninfo da Reitoría, para darlles unha maior repercusión a todos os actos que virían a continuación.

Tamén se participou desde o proxecto de sensibilización, organizando tres actividades que se repetiron varias veces ao longo dos catro días que durou Acampa. Unha foi “A gran viaxe” outra un “Shisha meeting” e a última foi un “Speed dating”.

Fundación SEUR

Seguimos a colaborar coa Fundación Seur na campaña solidaria de recollida de tapóns para distintas causas. Os recipientes, situados en distintos edificios dos campus da Coruña e Ferrol, seguen enchéndose de tapóns de plástico, de xeito que a súa doazón se converte pouco a pouco nun acto cotián.

SOS Racismo Galicia

No mes de abril organizouse con Sos Racismo Galicia un seminario sobre os delitos de odio, que tivo lugar na Facultade de Dereito. Nel analizouse a situación actual do Estado español e déronse a coñecer diversas ferramentas para a detección e intervención en casos de discriminación e delitos de odio.

Colaboracións con outras administracións

Xunta de Galicia

Durante o ano 2017, colaborouse coa Xunta de Galicia a través do convenio coa Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento, que se explicará no apartado 6 desta memoria.

Colaboracións no seo da Universidade da Coruña

CUFIE (Centro Universitario para a Formación e a Innovación Educativa)

Dentro da UDC, a OCV traballa para cooperar e coordinarse co resto de unidades e servizos con que existen liñas de traballo comúns. Así, colabórase estreitamente co Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) na posta en marcha e a potenciación da aprendizaxe-servizo na UDC, tanto no asesoramento do profesorado coma na súa formación. Tamén se iniciou a colaboración co departamento de teleformación, facendo un módulo sobre a responsabilidade social que ten a docencia para un profesor/a universitario/a para o profesorado de nova incorporación.

Cátedra Jorge Juan

Colaborouse con esta cátedra universitaria para realizar no Exponav un seminario sobre cooperación ao desenvolvemento, ao que asistiron docentes como Gonzalo Fanjul (ISGLOBAL), Javier Jiménez de Gregorio (AECID), Pedro Cavadas (Fundación Pedro Cavadas) ou Paloma Durán (Fondo de Nacións Unidas para o desenvolvemento dos ODS)

SAPE (Servizo de Asesoramento e Promoción do estudantado)

Tamén se colabora co Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE) para o intercambio de información e a posterior difusión desta nas súas redes, tanto no campus coruñés como no ferrolán.

ETS DE ENXEÑARÍA DE CAMIÑOS, CANALS E PORTOS

Anualmente, a OCV colabora coa ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos na realización dun ciclo de conferencias sobre introdución á cooperación para o desenvolvemento, en que se dá unha visión clara do que é a cooperación nos países do sur, se definen os conceptos chave da cooperación e se favorece a sensibilización da poboación universitaria, así como do resto do público en xeral.

OFICINA DE MEDIO AMBIENTE (OMA)

En 2017 colaboramos coa Oficina de Medio Ambiente (OMA) nas VIII Xornadas de Sustentabilidade na UDC que tiveron lugar en decembro, onde o voluntariado do programa de EpD e sensibilización da OCV levou a cabo o obradoiro co título “A illa de Pascua” que versaba sobre a explotación dos recursos naturais.

ONGD PRESENTES NA UDC

Destacamos o noso compromiso de colaboración coas ONGD presentes na UDC (Enxeñaría sen Fronteiras, Arquitectura sen Fronteiras e Solidariedade Internacional Galicia). Mantemos estreitos lazos con elas e traballamos conxuntamente en iniciativas que redundan na promoción da cooperación e a educación para o desenvolvemento, tanto dentro da comunidade universitaria como no conxunto da sociedade en xeral.

FUAC (Fundación Universidade da Coruña)

Por último, mantemos a nosa colaboración coa Fundación Universidade da Coruña (FUAC) para o proxecto conxunto financiado pola Convocatoria de Innovación en Cooperación ao Desenvolvemento da AECID e que desenvolvemos en parzaría coa Universidade Eduardo Mondlane de Mozambique, que ten como data de finalización o 17 de marzo de 2018.

E tamén se mantén colaboración coa FUAC para a xestión económica, inscrición e matrícula do Curso de Formación Específica en Cooperación e Educación para o Desenvolvemento.

Experiencias

Entrevista a Vicent, voluntario na OCV

Que é para ti o voluntariado?

O traballo de voluntariado é unha forma de satisfacer certas demandas que che fai a túa alma. Trátase de corresponder e non só vivir unha vida ordinaria cada día da túa existencia. Trátase tamén de contactar e darse conta de que hai un montón de xente nunha peor situación ca ti e pensar que es o suficientemente afortunado para poder axudalos a eles.

En que proxecto estás a participar?

Estou nun proxecto que ten como obxectivo axudar a minorías étnicas e xente da comunidade local que non pode permitirse mandar os seus fillos a una institución privada. Chámase “Apoio escolar”. O noso obxectivo é aliviar a carga de traballo daqueles nenos que lles custa estar ao día en certas materias.

Como te sentiches o primeiro día que fuches ao proxecto?

O primeiro día non sentín nada especial porque xa estivera involucrado noutro tipo de voluntariados e, como son profesor, encontrei o traballo estimulante.

Que che proporciona o voluntariado no persoal, profesional e vital?

Ben, o voluntariado abre os meus ollos a moitas cousas, especialmente ao maravillosos que son a gran maioría deses nenos e como de duro traballan para mellorar. Isto axúdame a ter una mente aberta e preocuparme por xente que non coñezo nin ten ningunha relación comigo. Isto tamén me axuda a decatarme do afortunado que son por ter un traballo e ser relativamente solvente e pon a miña vida máis en perspectiva. É moi motivante saber que o que fago axuda e fai unha pequena diferenza

4

Aprendizaxe e servizo

A ApS é unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo comunitario nun proxecto ben articulado, onde os participantes aprenden a traballar en necesidades reais do ambiente, co fin de melloralo.

En suma, a aprendizaxe-servizo é un método para unir o compromiso social para a aprendizaxe de coñecementos, habilidades, actitudes e valores. Aprende a ser competente para ser útil a outros

(Centre Promotor d'Aprenentatge Servei)

Durante este ano 2017, a OCV fixo en colaboración co CUFIE un curso de formación para profesorado nesta nova metodoloxía, á que asistiron 35 persoas.

Esta formación tivo unha parte presencial e outra parte en liña na que tiñan que preparar un proxecto adaptado a algunha das súas materias, polo que deste curso saíron varias iniciativas que o profesorado puxo en marcha no seguinte cuadrimestre.

Participouse na elaboración da II Convocatoria de proxectos de aprendizaxe e servizo da UDC e como parte da súa comisión avaliadora, á que se presentaron 22 proxectos de diferentes profesores, algún dos cales foron elaborados para que participasen neles varios docentes con diferentes materias, facendo o proxecto anual.

Como parte das tarefas realizadas pola OCV neste contexto, tramitáronse para a sinatura 10 novos convenios con entidades para realizar os proxectos por parte do profesorado e informouse a todas as entidades coas que se tivo contacto, recollendo as súas necesidades e intentando vincularlas con algunha materia das que se imparten na UDC.

Por último, fixéronse as acreditacións do alumnado participante, certificando, unha vez resolta a convocatoria, que ese alumnado participara nos devanditos proxectos e en que materia estaba enmarcado o proxecto.

5

Formación

Acción e efecto de formar ou formarse. Conxunto de coñecementos teóricos e prácticos adquiridos polo estudo e a experiencia, sobre unha materia determinada ou en xeral.

Diccionario da RAG

Desde a OCV somos moi conscientes da importancia da formación para todas aquelas persoas que colaboran nalgunha das nosas propostas, pois para participar, hai que saber como facelo.

A formación é unha das principais liñas estratéxicas de traballo da OCV. Preténdese que as accións que realiza o noso voluntariado sexan de calidade, polo que cando unha persoa decide implicarse nalgún programa de voluntariado debe realizar un curso básico encamiñado a que coñeza os seus dereitos, os seus deberes e os aspectos xerais relacionados co labor que levará a cabo.

Ademais desta formación inicial básica, promóvese a formación continua nos aspectos específicos que se vinculan a cada programa como, por exemplo, as habilidades sociais ou a animación hospitalaria.

Doutra banda, puxemos en marcha a II edición do Curso de Especialización de Posgrao de Cooperación e Educación ao Desenvolvemento e leváronse a cabo tamén as VIII Xornadas sen Fogar na Coruña, ou o Curso de Didáctica e Práctica no voluntariado con menores en contexto intercultural en Ferrol.

No ano 2017, o director da Oficina asistiu ao VII Congreso Universidade e Cooperación ao Desenvolvemento: La Universidad y los Objetivos de Desarrollo Sostenible, que tivo lugar en Madrid del 29 al 31 de marzo.

Por último, como é habitual, recolleemos, a seguir, os datos de todos os cursos de formación organizados durante o ano 2017 nos campus da Coruña e Ferrol na infografía que se presenta a continuación. Amosamos tamén o número de asistentes aos ditos cursos.

492

Asistentes a cursos de formación no ano 2017

16

Proxectos de coñecemento da realidade. Voluntariado en Cooperación.

56

Curso de Formación Básica en Voluntariado.

16

Curso de Especialización de Cooperación e Educación ao Desenvolvemento (II Edición).

156

Xornada Cooperación e Axuda ao Desenvolvemento: Cultura e Acción.

13

Curso de Intelixencia Emocional Aplicada ao Labor Voluntario.

101

VIII Xornadas sobre as Persoas sen Teito. Comunicando o invisible.

32

XIII Xornada de Inmigración e Interculturalidade: Mobilidades Humanas, Comunicación e Dereitos Humanos.

15

Curso de Primeiros Auxilios Aplicados ao Voluntariado con Menores.

24

Seminario sobre Delios de Odio

18

Encontro de voluntariado

Outras actividades formativas e de sensibilización organizadas

Ademais dos cursos e seminarios de formación programados, foron moitas máis as actividades desenvolvidas que tiveron como obxectivo formar, informar e sensibilizar a comunidade universitaria e o resto da sociedade, sobre cuestións de interese para a nosa misión na universidade. Así, pasamos a relatar de xeito cronolóxico, o resto de accións levadas a cabo no ano 2017:

- Palestra sobre o Sáhara coa ministra de Cultura do Sáhara, Hadiya Handi, que tivo lugar na Facultade de CC. da Educación o 31 de xaneiro.
- Testemuño en primeira persoa de Ahmad Al Ahmad e Leticia Santaballa sobre a experiencia nun campo de persoas refuxiadas na Facultade de CC. do Deporte o 23 de xaneiro.
- Charla co título “Cooperación en voluntariado local e internacional. Claves para dar o paso” na Facultade de CC de Educación o 20 de abril.
- Actividade de sensibilización sobre a importancia do coidado dos animais, do respecto e da diversidade cultural en colaboración co centro canino Monotegatto no CEIP Manuel Murguía o 12 de maio.
- Xornada sobre Cooperación ao Desenvolvemento: Cultura e Acción organizada pola Cátedra Jorge Juan en Ferrol o 19 de maio.
- Campaña de Concienciación “Xente, senta e sente!” xunto á Asociación Sociocultural de Ferrol ASCM o 5 de xullo.
- Mesa redonda sobre Experiencias de Intervención feminista das ONGD galegas dentro do curso de verán “A igualdade de xénero na axenda para o desenvolvemento” organizada polo grupo de investigación ESOMI o 14 de setembro.
- Participación nunha mesa redonda no I Encontro Internacional e V Xornadas de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía global na Facultade de CC. da Educación o 8 de novembro.
- Participación na mesa redonda Voluntariado, marca a diferenza, dentro das Xornadas “Xuventude en Movemento”, celebradas na Facultade de Economía e Empresa o 8 de novembro.

Durante o ano 2017 foron tamén varias as exposicións en que a OCV participou, ben como financiadora da súa realización, como xa se explicitou no apartado referido á Convocatoria de EpD, sensibilización e participación social, ben como colaboradora para a súa difusión nos campus universitarios. É o caso de:

- Exposición colectiva “Vidas Reflexadas” de tres participantes nas distintas convocatorias da OCV, das súas experiencias en Ecuador, Nicaragua e Uganda (Centro Cultural Universitario de Ferrol)
- Exposición “Mulleres e DD.HH.” (Facultade de Socioloxía)
- Exposición sobre os “Dereitos da Infancia” (LERD, Facultade de Socioloxía e Centro Cultural Universitario)
- Exposición “Nicaragua: retos e fortalezas”, Facultade de CC.da Educación.

Participación en redes

RGUCUD

A OCV participa coas outras dúas universidades do sistema universitario galego na Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento, intentando darlles pulo ás actividades e ao profesorado e persoal técnico que traballa en cooperación ao desenvolvemento e buscando sinerxías para que este traballo poida ser máis visible e máis recoñecido a nivel autonómico.

REUS

A Rede Española de Universidades Saudables (REUS) é un dos grupos de traballo constituídos na CRUE (Conferencia de Reitores das Universidades Españolas). A REUS componse por dúas de universidades españolas, a propia CRUE, o Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, o Ministerio de Educación e algunhas estruturas de saúde pública de varias autonomías, cuxo obxectivo fundamental é promover o papel das universidades como entidades promotoras da saúde e o benestar da comunidade universitaria e da sociedade no seu conxunto.

A OCV pertence á Comisión Técnica do Campus UDC≡Universidade Saudable, na que participa activamente coas súas diferentes propostas, que inclúen a elaboración de recursos ou a participación no Día das Universidades Saudables, entre outros.

REEDES

A OCV, a través da RGUCUD, renovou a súa pertenza á Rede Española de Estudos de Desenvolvemento (REEDES). Por tanto, seguiu a difundir as convocatorias, os artigos e as propostas que xorden desta rede académica, interdisciplinar, especializada na investigación e a docencia en temas de desenvolvemento e cooperación internacional.

FORO GALEGO DE INMIGRACIÓN

A OCV é membro do Foro Galego de Inmigración desde o ano 2004, plataforma coa que colabora na organización de distintas actividades de sensibilización sobre os dereitos das persoas migrantes, alén de reivindicativas.

Durante o ano 2017, o Foro colaborou coa XIII Xornada de Inmigración e Interculturalidade organizada pola OCV.

Sinerxías con outras Universidades

UNIVERSIDADE DE VIGO

Pola propia existencia da RGCUD, o traballo de coordinación con esta universidade en materia de cooperación universitaria ao desenvolvemento é un feito. Ademais, no bienio 2016-2017 a Universidade de Vigo foi a encargada de levar a cabo a xestión económica e xustificación global do convenio asinado, polo que a comunicación ao longo de todo o ano foi moi intensa.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pola mesma razón que no caso da Universidade de Vigo, o traballo de coordinación coa dita universidade en materia de cooperación universitaria ao desenvolvemento é un feito necesario.

UNIVERSIDADE EDUARDO MONDLANE (Mozambique)

A OCV participa como socia xunto á Fundación Universidade da Coruña e á Universidade Eduardo Mondlane de Mozambique nun proxecto de cooperación universitaria ao desenvolvemento (CUD) presentado á Convocatoria de Proxectos de Innovación en Cooperación ao Desenvolvemento da Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento (AECID,) co título “Implementación de un sistema de aprendizaje y servicio para el alumnado enfocado a habitabilidad integral (agua, saneamiento, y mejora de la habitabilidad) da Universidade Eduardo Mondlane (Maputo-Mozambique)”, abreviadamente Kaya Clínica, que foi aprobado e subvencionado cun importe total de 187.250 €, e cunha achega da AECID de 74.824,00€ para un período de execución de 18 meses. Este proxecto finalizará con data 17 de marzo de 2018.

Comunicación

A comunicación, tanto interna como externa, é unha cuestión básica en calquera organización, xa que fai posible unha mellor integración das persoas que a conforman. No caso da OCV, a comunicación coas persoas voluntarias faise tanto de xeito informal mais tamén través de canles máis formalizadas. Isto tamén acontece co resto de grupos de interese, no tocante á

comunicación exterior, e entre o seu persoal técnico e as persoas responsables da entidade.

En calquera caso, búscase garantir que a comunicación interna e externa sexa constante e fluída, e para conseguir isto, empregamos distintos mecanismos, que son os que se detallan a continuación.

Páxina web propia

Na actualidade supón a principal vía de difusión externa das nosas iniciativas. Nela informamos sobre todas as actividades da OCV e poñemos a disposición das persoas usuarias documentos de interese ou ligazóns ás páxinas web doutras institucións ou organizacións. Así mesmo, a través dela pode facerse a preinscrición nas distintas accións formativas programadas ao longo do curso académico.

Outra das vías de comunicación externa empregada pola OCV, que se utiliza puntualmente cando a necesidade de proxección exterior da nova así o require, é a páxina web principal da UDC: www.udc.gal

Intranet

Dentro da UDC, contamos tamén con outros medios propios de difusión, como é o caso das bases de datos de voluntariado e ONG de desenvolvemento que manexamos, e doutros grupos de correo con persoas interesadas en recibiren información sobre cursos e conferencias centrados en temáticas relacionadas coa cooperación para o desenvolvemento e co voluntariado social. Por tanto, o envío de información a través do correo electrónico é unha das nosas principais vías de comunicación.

RGCUD

Desde a creación e posta en marcha da web da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento, este portal especializado converteuse nun recurso máis para a difusión das actividades desenvolvidas pola OCV. Así, estas son recollidas ademais polo Observatorio de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (OCUD), que publica na súa web as nosas novas, o cal amplía enormemente a difusión do noso traballo.

Redes sociais

Desde o ano 2011 dispoñemos dun perfil en Facebook a que se pode acceder buscando “Ocv Udc”, e que a finais do 2017 acadou máis de 1400 persoas seguidoras. Desde o mes de maio de 2017, contamos ademais cunha conta en Instagram.

Boletín informativo

O Boletín Informativo da OCV vai dirixido non só ao noso voluntariado en activo e a aquelas persoas que nalgún momento formaron parte da organización, senón tamén a outras organizacións e entidades que se sumaron como subscritoras. Ao remate do ano, atinximos máis de catrocentas sesenta persoas subscritoras que reciben información cada quince días, nun formato adaptado á súa lectura nos teléfonos intelixentes.

Taboleiros de anuncios

A OCV dispón de taboleiros de anuncios en dous espazos físicos nas oficinas da Coruña e Ferrol, en que a promoción das súas actividades se realiza por medio de trípticos e carteis, os cales tamén son repartidos no resto de facultades e edificios dos respectivos campus.

Reunións periódicas

O persoal técnico da entidade reúnese puntualmente coas persoas coordinadoras dos distintos programas de voluntariado en funcionamento para coñecer o desenvolvemento destes, e poder facer os axustes pertinentes no caso de seren necesarios. Tamén realiza continuas visitas ás entidades con que realiza actividades en convenio para o seu seguimento conxunto, ou recibe os seus representantes en calquera das dúas oficinas de que dispón a OCV nos campus de Elviña e Esteiro.

Así mesmo, a dirección da OCV reúnese co seu persoal técnico con asiduidade para avaliar a actividade do servizo e programar novas accións de iniciativa propia ou en colaboración con outras entidades.

Encontros informais

No mes de novembro celebrouse a XVIII Edición da Festa Solidaria da OCV no Day&Night Bar da Coruña, como vén sendo habitual nos últimos anos.

Medios de comunicación

Nalgunhas ocasións as actividades desenvolvidas pola OCV son recollidas en distintos medios de comunicación, fundamentalmente na prensa escrita, mais tamén puntualmente en televisións locais e radios, o que supón un importante pulo para a difusión das nosas propostas.

Este ano medios como *“La Opinión de A Coruña”*, *“La Voz de Galicia”* ou o *“Diario de Ferrol”*, publicaron distintas novas e artigos periodísticos sobre as nosas actividades. Tamén a emisora universitaria CUAC FM realizou un par de entrevistas ao persoal técnico da OCV con motivo dalgunha actividade programada.

6

Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento

A Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), conformada polas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, grazas ao financiamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, ten como finalidade promover o traballo en rede entre as universidades galegas nos eidos da cooperación universitaria ao desenvolvemento (CUD), e a educación para o desenvolvemento (EpD).

Presentación da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento, 2014

A OCV puxo en marcha xunto coa USC no ano 2014 os traballos iniciais para a creación da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), conformada polas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo grazas ao financiamento da Xunta de Galicia (a través da Dirección Xeral de Relacións Externas e da Unión Europea).

No ano 2016, renovouse a sinatura do dito convenio, con carácter bianual para levar a cabo un proxecto de fortalecemento da Rede no bienio 2016-2017, co obxectivo de que o sistema universitario galego se afiance como un axente de cooperación ao desenvolvemento con actuacións en cooperación e educación para o desenvolvemento

Este convenio permitiu que se puidesen levar a cabo varias actividades, algunha das cales destacamos a continuación.

Curso de Formación Específica de Posgrao

Este curso levouse a cabo en colaboración co Instituto de Estudos Europeos Salvador de Madariaga e coa xestión económica por parte da FUAC.

Durante os meses de outubro e novembro de 2017 realizouse o Curso de Formación Específica de Posgrao en Cooperación e Educación para o Desenvolvemento, cunha duración total de 60 horas e ao que asistiron docentes como Alejandra Boni, Carlos Gómez Gil, Javier Vallejo, Manuel Gómez Galán ou Ofelia García Pérez.

Contou coa asistencia de 16 persoas, que valoraron moi positivamente a súa realización. O curso estruturouse en 9 módulos: a introdución á cooperación ao desenvolvemento, enfoques transversais, a construción da cidadanía global, a acción humanitaria e a axuda de emerxencia, a xestión práctica dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento, migracións e desenvolvemento no contexto da globalización, a cooperación universitaria ao desenvolvemento, a busca de financiamento europeo e, por último, un módulo de exemplos prácticos.

Este último módulo xurdiu como mellora do ano anterior, ao que se enagadiron exemplos prácticos nos que participaron ONGD como Solidariedade Internacional de Galicia, Arquitectura sen Fronteiras, Enxeñaría sen Fronteiras, Solidariedade Galega ou Amigos da Terra. Esta iniciativa foi valorada moi positivamente polas persoas asistentes.

Páxina web e base de datos

A RGCUD conta cunha páxina web propia, que se creou xa co primeiro convenio e que se vai actualizando coas novidades que se producen nas tres universidades galegas.

Esta páxina conta cunha base de datos que se foi actualizando, neste último convenio bianual, co profesorado que traballa en cooperación universitaria ao desenvolvemento e coas súas liñas de investigación, para poder potenciar as sinerxias entre investigadores e investigadoras das tres universidades que traballen nas mesmas liñas.

Tamén se introducen nesta base de datos as ligazóns a aqueles TFG, TFM, teses ou memorias que teñen relación coa cooperación ao desenvolvemento, co fin de que sirvan como acicate para futuras investigacións máis profundas.

Formación

A través deste convenio podemos realizar formación para a comunidade universitaria, tanto para o profesorado, como para o estudiantado e o persoal de administración e servizos.

Algúns dos cursos que se realizaron foron os cursos de formación básica para o voluntariado e a formación e aprendizaxe e servizo que se realizou en colaboración co CUFIE.

Tipografías empregadas

Calibri regular, tamaño 11
Futura Md BT, tamaños 20 e 30

Cores principais empregados

Vermello: RGB 236, 101, 80 | HEX #ec6450

Gris: RGB 87, 87, 86 | HEX #575756

Gris: RGB 198, 198, 198 | HEX #c6c6c5

Recursos web externos empregados

www.mapbox.com

Documento optimizado para a súa edición en Adobe Indesign CC